

## E se o que quero está prestado?

- Podes **facer unha reserva** na **biblioteca**, por **teléfono** ou na túa **conta persoal do catálogo**.
- Podes reservar **ata 6 documentos: 3 libros** ou **revistas**, **2 películas** ou **discos de música** e **1 lector** de libros electrónico.
- Terás **3 días para recoller** os documentos que teñas reservados antes de que se anule a reserva.

## E se o que quero está noutra biblioteca?

- Podes **solicitar** en préstamo **ata 1 documento** das bibliotecas de Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo ou Ferrol.
- Poderás facer a **reserva por teléfono ou na biblioteca**.
- Terás **7 días para recoller** o documento que solicites antes de que se anule a reserva.
- **OLLO!** Se non o recolles estarás 10 días sen préstamo.

## Que pasa se non cumpro os prazos de préstamo?

- O **atraso** na devolución **bloqueará o teu carné** en toda a Rede: 1 día de bloqueo por cada documento e por cada día de atraso.

## Como devolvo o que teño en préstamo?

- Para devolver os documentos coa biblioteca aberta non é necesario traer o carné e calquera pode facelo por ti.
- Cando a **biblioteca** está **pechada** podes devolvelos nas **caixas de correo** que están xunto á entrada.
- **OLLO!** Para devolver os documentos **na caixa automática fai falta o carné**.
- A caixa de correos que está á dereita da porta principal está sempre dispoñible.

## Que pasa se perdo un libro, CD, DVD... que tiña prestado?

- Se perdes ou devolves algún material en mal estado deberás repoñelo por outro igual.
- Se non atopas no mercado o mesmo documento, na biblioteca indicáremosche outro material de

similares características para substituír o material perdido ou deteriorado.



## Que é GaliciaLe?

- É a plataforma de **préstamo de obras dixitais** da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.
- Podes **acceder** á plataforma empregando o **número de lector** que tes no teu carné e o **contrasinal** de acceso á túa conta do catálogo.

## ACCESO A GALICIALE



## HORARIO E LOCALIZACIÓN



## ACCESO AO CATÁLOGO



# Préstamo

## Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés

R/ Miguel González Garcés, 1  
15008 A Coruña  
Tel./Fax 881 960 378 / 379  
[bpc@xunta.gal](mailto:bpc@xunta.gal)

<https://bibliotecas.xunta.gal/coruna>

<https://www.facebook.com/BiblioPubliCoru>

<https://twitter.com/BiblioPubliCoru>

<https://www.instagram.com/bibliopublicoru/>

## Que podo levar en préstamo?

Libros, películas, CD de música, e-readers etc.

## Que necesito?

O **carne de usuario** da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

## Como o consigo?

Solicitándoo **na biblioteca**, na nosa **web**, ou cubrindo o **formulario de autorregistro do Catálogo** da Rede, e mostrando un **documento identificativo** (DNI, permiso de conducir, pasaporte, NIE) para **acreditar a túa identidade**.

## Vantaxes de ter o carne

- O carne é **válido para toda a rede**. Podes consultar a listaxe de bibliotecas integradas na seguinte ligazón:  
<https://rbgalicia.xunta.gal/gl/bibliotecas-integradas-no-catalogo-da-rede-de-bibliotecas-de-galicia>
  - Acceso a **plataforma de préstamo de obras dixitais**
- 
- Suxerir que compremos aquilo que non temos.**
  - Preferencia** na reserva de prazas para as **actividades** da biblioteca.
  - Acceso a unha **conta persoal** na que poderás **reservar, renovar e suxerir** a compra de documentos..

## Importante!!

- Comunicanos** calquera **cambio nos teus datos** para que sempre nos poidamos poñer en contacto contigo.
- Trae sempre o carne** para levar cousas en préstamo.

- Se o perdes terás que vir á biblioteca e cubrir unha nova solicitude.
- Os **menores de 14 anos** deberán contar cunha **persoa adulta** que se faga **responsable**.
- Usa o carne de xeito responsable!!

## Cantas cousas podo levar á casa?

- Podes levar como **máximo 20 documentos** entre **todas as bibliotecas** da rede.
- Os nenos só poden levar documentos da súa sección e cómics infantís.

| Tipo de carne | Tipo de material            | Máximo documentos | Días de préstamo | Nº renovacións | Días renovación |
|---------------|-----------------------------|-------------------|------------------|----------------|-----------------|
| Adulto        | Libros adultos              | 5                 | 21               | 1              | 21              |
|               | Libros infantís             | 5                 | 21               | 1              | 21              |
|               | Audiovisuais adultos        | 3                 | 7                | 1              | 7               |
|               | Audiovisuais infantís       | 3                 | 7                | 1              | 7               |
|               | Documentos sonoros adultos  | 3                 | 7                | 1              | 7               |
|               | Documentos sonoros infantís | 3                 | 7                | 1              | 7               |
|               | Arquivos ordenador adultos  | 3                 | 7                | 1              | 7               |
|               | Arquivos ordenador infantís | 3                 | 7                | 1              | 7               |
|               | Revistas                    | 3                 | 7                | 1              | 7               |
|               | Lector libro electrónico    | 1                 | 21               | 1              | 21              |
| Infantil      | Libros infantís             | 5                 | 21               | 1              | 21              |
|               | Audiovisuais infantís       | 3                 | 7                | 1              | 7               |
|               | Documentos sonoros infantís | 3                 | 7                | 1              | 7               |
|               | Arquivos ordenador infantís | 3                 | 7                | 1              | 7               |
|               | Revistas infantís           | 3                 | 7                | 1              | 7               |

- As **entidades** tamén poden ter un carne, teñen 60 préstamos como máximo por Biblioteca, 120 en toda a rede.

| Tipo carne | Tipo de material    | Máx. documentos | Días préstamo | Renovación | Días renovación |
|------------|---------------------|-----------------|---------------|------------|-----------------|
| Entidade   | Libros adultos      | 30              | 21            | 2          | 21              |
|            | Libros infantís     | 30              | 21            | 2          | 21              |
|            | Audiov. adultos     | 10              | 21            | 2          | 21              |
|            | Audiov. infantís    | 10              | 21            | 2          | 21              |
|            | Docs. sono. Ad.     | 10              | 21            | 2          | 21              |
|            | Docs. son. infantís | 10              | 21            | 2          | 21              |
|            | Arq. ordenador ad.  | 10              | 21            | 2          | 21              |
|            | Arq. ordenador inf. | 10              | 21            | 2          | 21              |
|            | Revistas infantís   | 10              | 21            | 2          | 21              |

## E se necesito máis tempo?

- Podes **renovar os teus préstamos** 5 días despois de levalos, salvo que outra persoa teña unha reserva para ese material
- Fai a renovación **antes de que remate o prazo** inicial
- Pódelo facer na **biblioteca**, por **teléfono** ou na túa **conta persoal do catálogo**.

## E se non podo desprazarme á biblioteca?

- Podes **autorizar a outra persoa** para que che leve os préstamos á casa. Atoparás o impreso de autorización na biblioteca.

## Como sei se un libro, revista, película, cd... está na biblioteca?

- No **catálogo** poderás buscar que materiais están dispoñibles na Biblioteca e na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia sobre unha materia, autor/-a ou soporte concreto.
- Podes pedirlle ao persoal que che ensine a usalo.